

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

ORDE do 12 de maio de 2022 pola que se regula o uso de instalacións xuvenís para a realización de programas de lecer educativo e tempo libre durante a Campaña de verán 2022 para colectivos xuvenís (código de procedemento BS304A).

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, leva a cabo a promoción e organización de actividades cun claro compoñente de educación non formal destinadas á xuventude no ámbito do lecer e o tempo libre.

Asumidas as competencias neste eido polo Decreto 146/1982, do 1 de decembro, sobre asunción de competencias en materia de cultura, a Consellería de Política Social inclúe entre os seus obxectivos o de favorecer a participación da xuventude en actividades deste tipo e para iso convoca, cada ano, a oferta de servizos e recursos para a campaña de verán.

Mediante a presente orde preténdese articular a utilización das instalacións xuvenís de que é titular a Consellería de Política Social, consciente de que as asociacións xuvenís e as entidades que desenvolven actividades para a xuventude non sempre dispoñen dos medios e instalacións axeitadas para iso, unha necesidade que pode ser aínda máis complexa na situación actual derivada polo impacto social da COVID-19.

En consecuencia, co obxecto de facilitarlle á mocidade o acceso a instalacións xuvenís para o desenvolvemento de programas de lecer educativo e tempo libre, sen ánimo de lucro, durante a Campaña de verán 2022 e facendo uso das facultades que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

RESOLVO:**Artigo 1. Obxecto**

A Consellería de Política Social convoca a presente oferta do uso das súas instalacións xuvenís para a Campaña de verán 2022, nos termos que se establecen nesta orde e de acordo coa distribución de prazas que se recolle no anexo I (código de procedemento BS304A).



Artigo 2. *Servizos ofertados e duración das quendas*

O uso das instalacións ofertadas suporá dispoñer:

a) Dos servizos de auga, gas, electricidade e alimentación en réxime de pensión completa.

b) Do material, excepto o correspondente ás actividades que a entidade ou grupo vaia desenvolver na instalación e que, no caso dos campamentos, comprende tamén as tendas de campaña, colchóns e mantas.

c) Xerencia e persoal de servizos de restauración e limpeza das ditas instalacións.

O primeiro servizo de alimentación será o xantar do día da incorporación e o último será o xantar do último día de estadía concedida.

Os custos de traslado ata o centro da instalación xuvenil, tanto o día de chegada como o de saída, serán por conta da entidade ou grupo destinatario. No caso da Illa de Ons tam pouco está incluído no prezo o traslado en barco ata a illa.

A duración das quendas e as instalacións ofertadas serán as recollidas no anexo I.

Artigo 3. *Entidades e grupos destinatarios*

Poderán solicitar o uso das instalacións de referencia:

a) As asociacións xuvenís, as entidades prestadoras de servizos á xuventude e as escolas de tempo libre, debidamente constituídas e legalizadas.

b) Os consellos locais e municipais de xuventude.

c) As corporacións locais.

d) Outras entidades públicas ou privadas debidamente constituídas que realicen actividades coa xuventude.

e) Os grupos de persoas mozas non asociadas que organicen actividades de tempo libre sen ánimo de lucro e, en todo caso, para a realización dun programa de actividades para un mínimo de 15 persoas. Unha persoa integrante do grupo asumirá o papel de repre-



sentante deste e con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como destinatario, lle corresponden ao grupo e, en consecuencia, a todas as persoas que o forman. Será necesario que o grupo teña unha denominación que o identifique.

Artigo 4. *Forma, lugar e prazo de presentación de solicitudes*

1. As solicitudes dos grupos de persoas mozas non asociadas presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (anexo II) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

A presentación electrónica será obrigatoria para as demais entidades establecidas no artigo 3.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das entidades obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que sexa realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Os grupos de persoas mozas, non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

2. No caso da solicitude de instalacións para o desenvolvemento de actividades de tempo libre, no número de prazas solicitadas polas entidades e/ou grupos relacionados no artigo 3 incluíranse as correspondentes ás persoas integrantes do equipo de animación. Así mesmo, incluíranse, na devandita solicitude, as persoas que acompañen as persoas mozas en calidade de responsables destas ou outro persoal que vaia estar na instalación durante o período solicitado.

3. O prazo de presentación de solicitudes será de sete (7) días hábiles, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.



Artigo 5. *Emenda da solicitude*

Se na solicitude se aprecian defectos, o órgano instrutor requirirá a entidade e/ou grupo solicitante para que, no prazo de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se considerará desistida da súa petición, de conformidade co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, logo de resolución, que será ditada nos termos do artigo 21 da referida lei.

Artigo 6. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) NIF da entidade solicitante.

b) DNI/NIE da persoa representante.

2. Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

a) Inscripción no Rexistro de Entidades Xuvenís da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

b) Inscripción no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social.

3. No caso de que as persoas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente (anexo II) e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

4. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.



Artigo 7. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

A sede electrónica da Xunta de Galicia permítelles ás entidades e/ou grupos solicitantes, realizar trámites electrónicos con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Cando estes non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán realizarse os ditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 8. Criterios de adxudicación

1. Para a adxudicación do uso das instalacións ofertadas establécese a seguinte orde de preferencia:

a) Asociacións xuvenís, entidades prestadoras de servizos á xuventude e escolas de tempo libre domiciliadas na Comunidade Autónoma galega, e inscritas no correspondente censo ou rexistro dependente da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

b) Consellos locais e municipais de xuventude galegos.

c) Corporacións locais galegas.

d) Grupos de persoas mozas galegas non asociadas segundo o establecido no artigo 3.

e) Outras entidades públicas ou privadas, domiciliadas na Comunidade Autónoma de Galicia, que o soliciten con fins asistenciais.

f) Asociacións xuvenís, entidades prestadoras de servizos á xuventude, escolas de tempo libre, entidades que realicen actividades coa xuventude e grupos de persoas mozas, domiciliados noutras comunidades autónomas.

2. Pola súa banda, dentro do previsto no número anterior, terán prioridade:

a) As que soliciten un maior número de prazas ata o tope máximo de cada instalación fixado no anexo I.

b) As que soliciten un maior número de días ata o tope máximo de cada instalación fixado no anexo I.



c) As solicitudes das entidades que cubran as prazas por convocatoria aberta e non reservadas exclusivamente aos seus membros ou ás persoas asociadas.

d) As entidades e grupos que non dispuxeron de prazas na última convocatoria do uso de instalacións xuvenís dependentes da consellería ou, no caso de empate, nas dúas últimas convocatorias, agás que, no caso de renuncia, non a comunicasen no prazo establecido, caso en que pasarán a ocupar o último lugar nos criterios de adxudicación.

e) As que subvencionen o total ou parte da cota que teñen que pagar ás persoas participantes.

3. No caso de persistir o empate, procederíase a un sorteo por medios informáticos para determinar as entidades ou grupos destinatarios.

Artigo 9. *Instrución e resolución*

1. O órgano instrutor do procedemento será o Instituto da Xuventude de Galicia.

2. A valoración das solicitudes presentadas, de acordo cos criterios establecidos no artigo anterior, corresponderalle a unha Comisión de Valoración constituída para o efecto, e que estará integrada:

a) Pola persoa titular da xefatura do Servizo de Actividades para a Xuventude, que a presidirá ou, no caso de ausencia, por unha persoa funcionaria do citado servizo nomeada pola subdirectora xeral do Instituto da Xuventude de Galicia.

b) Polas persoas titulares das xefaturas dos servizos de Xuventude e Voluntariado das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social ou, no caso de ausencia, por unha persoa funcionaria dos respectivos servizos nomeada pola subdirectora xeral do Instituto da Xuventude de Galicia.

3. A secretaría da Comisión, con voz pero sen voto, corresponderalle a unha persoa funcionaria da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, nomeada por resolución da persoa titular da citada dirección xeral. No caso de ausencia será substituída por outra persoa funcionaria da citada dirección xeral nomeada do mesmo xeito.

4. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión de Valoración, elevará a proposta de resolución ao órgano competente para resolver.



5. O órgano competente para resolver será a persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, que resolverá por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social.

6. A resolución será publicada no *Diario Oficial de Galicia*, conforme o sinalado no artigo 10, no prazo máximo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente orde. Se vence o prazo máximo para resolver sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada.

Artigo 10. *Publicación dos actos*

Publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os actos administrativos e as correspondentes resolucións deste procedemento. Esta publicación producirá os efectos de notificación.

Serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Consellería de Política Social (<http://politicasocial.xunta.gal>).

Artigo 11. *Réxime de recursos*

1. As resolucións recaídas neste procedemento esgotan a vía administrativa, polo que, de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra elas poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, que comezará a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, se esta for expresa. Se non o for, o prazo será de seis meses e contarase a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

2. Malia o anterior, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, se esta for expresa. Se non o for, poderase interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, tal e como establece o artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.



En todo caso, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Artigo 12. *Reserva da praza adxudicada, perda e renuncia*

1. Publicada a resolución, as entidades e/ou grupos beneficiarios están obrigados, no prazo de cinco (5) días hábiles:

a) A ingresar, en concepto de reserva de prazas, o 25 % do importe do prezo correspondente ás prazas adxudicadas. A dita cantidade non será reintegrable, nin descontable no seguinte pagamento, no caso de que decaese a adxudicación realizada por incumprimento das obrigas expresadas neste artigo, nin se a entidade adxudicataria anulase a reserva de utilización da instalación ou reducise o número de persoas usuarias previstas ou os días de uso solicitado.

b) A presentar a seguinte documentación, dirixida ao Servizo de Xuventude e Voluntariado da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social correspondente á provincia en que estea a instalación adxudicada:

1º. Breve proxecto de actividades que se van realizar. As actividades incluídas no proxecto deberán, en todo caso, respectar os dereitos fundamentais e as liberdades públicas recoñecidas na Constitución española, así como as medidas hixiénico-sanitarias propias da instalación e as dadas polas autoridades sanitarias competentes para facer fronte á COVID-19.

2º. Acreditación do apoderamento da persoa que subscribiu a solicitude como representante da entidade ou grupo solicitante.

3º. Xustificante do aboamento do 25 % expresado anteriormente.

2. A documentación relacionada na alínea b) do número anterior presentárase preferiblemente por vía electrónica para os grupos de persoas mozas galegas non asociadas.

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha destas entidades presenta a documentación comple-



mentaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que sexa realizada a emenda.

Os grupos de persoas mozas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As entidades e/ou grupos solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Para os trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes, terase en conta o previsto no artigo 7.

3. Se, transcorrido o prazo de cinco (5) días hábiles desde a publicación da adxudicación, non se cumpre o disposto no número 1, declararase a perda do dereito á instalación adxudicada, a través da oportuna resolución que será ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. As prazas adxudicadas non ocupadas quedarán dispoñibles conforme o procedemento sinalado no artigo 13.

4. No caso de que algunha entidade ou grupo non formal renuncie ás prazas adxudicadas, estas prazas non ocupadas quedarán igualmente dispoñibles conforme o procedemento sinalado no artigo 13. As renunciadas deberán presentarse conforme se indica no artigo 7.

No caso de non comunicar a renuncia no prazo dos cinco (5) días hábiles seguintes á publicación da resolución de adxudicación, na convocatoria seguinte a entidade ou grupo pasará a ocupar o último lugar dentro dos criterios de preferencia e prioridade descritos no artigo 8.

Artigo 13. *Dispoñibilidade das prazas non ocupadas*

1. No caso de que, unha vez adxudicadas as prazas conforme os artigos precedentes, quedasen prazas sobrantas sen ocupar, disporase delas en fase de resultas.



As prazas dispoñibles nesta fase de resultas serán publicadas na páxina web de Xuventude (<http://xuventude.xunta.es/>).

2. As entidades e os grupos que presentaron unha solicitude no prazo do artigo 4 e non resultaron adxudicatarias por aplicación dos criterios recollidos no artigo 8 terán prioridade para o acceso a estas prazas. Disporán da prioridade sinalada durante un prazo de cinco (5) días hábiles contado a partir da publicación das prazas de resultas na páxina web.

As entidades e grupos interesados remitirán a súa solicitude de prazas mediante un correo electrónico, no enderezo ofertaconcertada.benestar@xunta.gal, cunha antelación mínima de sete (7) días hábiles á data de inicio da estadía que se solicita.

A adxudicación das prazas de resultas realizarase por orde de recepción de solicitudes.

3. Unha vez rematado o período de prioridade sinalado no número 2, e no caso de que aínda queden prazas sobrantes, estas poranse á disposición de calquera entidade ou grupo interesado que cumpra os requisitos do artigo 3, mediante a apertura dun novo período de presentación de solicitudes. Estas novas solicitudes presentaranse tamén por correo electrónico, no enderezo ofertaconcertada.benestar@xunta.gal, cunha antelación mínima de sete (7) días hábiles á data de inicio da estadía que se solicita.

A segunda adxudicación das prazas de resultas a estas entidades e grupos non prioritarios realizarase, así mesmo, por orde de recepción de solicitudes, por resolución do órgano competente recollido no artigo 9.5 .

Artigo 14. *Autorización de uso temporal*

1. Transcorridos quince (15) días hábiles desde a finalización do prazo de cinco (5) días establecido no artigo 12 para a reserva da praza, a entidade ou grupo beneficiario deberá formalizar o documento de aceptación das condicións particulares de uso da instalación conforme o modelo dispoñible na páxina web, xuventude.xunta.es e aboar o 75 % restante do importe do prezo correspondente ás prazas que confirme. A dita cantidade ou a parte proporcional non será reintegrable se o número de persoas usuarias ao inicio da actividade é menor ao confirmado, ou se o número de días é, así mesmo, inferior ao confirmado.

O documento de aceptación das condicións particulares de uso e o xustificante do segundo ingreso presentaranse no Servizo de Xuventude e Voluntariado da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social da provincia en que estea a instalación adxudicada.



Así mesmo, presentarán a relación das persoas responsables que dirixan a actividade e a acreditación das titulacións exixidas en materia de tempo libre, tendo en conta o disposto no artigo 47 do Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude, no caso de que a instalación se solicite para o desenvolvemento dun programa de actividades de tempo libre.

Nos cinco (5) días hábiles anteriores ao comezo da ocupación deberá presentarse no Servizo de Xuventude e Voluntariado da Xefatura Territorial a relación de persoas usuarias das prazas adxudicadas.

Para os trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes, terase en conta o previsto no artigo 7.

A presentación da documentación farase na forma prevista no artigo 12.2.

2. Cumpridas as condicións anteriores, a xefatura territorial correspondente da Consellería de Política Social facilitaralle á entidade ou grupo beneficiario o documento de autorización de uso temporal da instalación.

Se, transcorridos os diferentes prazos establecidos neste artigo, as entidades ou grupos beneficiarios non fixesen os pagamentos correspondentes, procederase de acordo co disposto no número 3 do artigo 12.

Artigo 15. *Obrigas das entidades beneficiarias*

As entidades beneficiarias estarán obrigadas:

a) A cumprir os requisitos exixidos no Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude.

b) A observar as normas de réxime interno da instalación de que sexan adxudicatarias, así como as indicacións da persoa responsable desta no referente a aqueles aspectos non recollidos expresamente nas citadas normas.

c) A cumprir as medidas hixiénico-sanitarias da propia instalación, así como aquelas ditadas polas autoridades sanitarias competentes para facer fronte á COVID-19.

d) A responder dos actos que se realicen nas instalacións concedidas e das consecuencias que deles deriven, así como de toda responsabilidade civil derivada de calquera acto.



As actividades que desenvolva o grupo non teñen a consideración de actividades propias da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, polo que os riscos, accidentes e danos derivados das actividades que desenvolva a entidade ou grupo serán responsabilidade exclusiva da dita entidade ou do grupo adxudicatario, que deberá subscribir a súa propia póliza de seguro de responsabilidade civil.

e) A aboar o importe dos danos que se produzan no material e nos equipamentos da instalación durante o período de uso desta.

f) No caso de que se queiran utilizar as piscinas da instalación adxudicada, cada entidade deberá dispor do seu propio persoal socorrista.

Artigo 16. *Tarifas*

1. Os prezos dos servizos ofertados nesta orde aparecen recollidos no anexo I, punto A.1, da Orde do 1 de abril de 2016 pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á mocidade, xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

De conformidade co disposto na Orde do 1 de abril de 2016, aqueles grupos que figuren inscritos no Rexistro da Consellería de Política Social como entidades prestadoras de servizos sociais gozarán dun desconto do 50 % sobre os prezos sinalados.

Así mesmo, conforme o disposto na Orde do 1 de abril de 2016, as asociacións xuvenís e as entidades prestadoras de servizos á mocidade, domiciliadas na Comunidade Autónoma galega e inscritas no correspondente censo ou rexistro dependente da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, terán un desconto do 50 % sobre os prezos sinalados.

2. O aboamento dos diferentes pagamentos regulados nesta orde efectuarase utilizando os impresos destinados para o efecto, que se atoparán á disposición das persoas interesadas na Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado ou en calquera xefatura territorial da Consellería de Política Social.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento da orde*

Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado para ditar os actos ou instrucións para a aplicación desta orde.



Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2022

Fabiola García Martínez
Conselleira de Política Social

ANEXO I

Provincia	Instalación xuvenil	Datas	Nº prazas ofertadas	Total prazas
A Coruña	Albergue xuvenil Mariña Española. Sada	15-20 de xuño	100	540
		23-28 de xuño	100	
		1-10 de setembro	100	
	Campamento xuvenil Virxe de Loreto. Porto do Son	26 de agosto-4 de setembro	120	
	Campamento xuvenil Espifeira. Boiro	26 de agosto-4 de setembro	120	
Lugo	Albergue xuvenil Area. Viveiro	21-30 de xuño	100	280
	Campamento xuvenil A Devesa. Ribadeo	26 de agosto-4 de setembro	120	
	Campamento xuvenil Os Chacotes. Palas de Rei	26 de agosto-4 de setembro	60	
Ourense	Campamento xuvenil Penedos de Xacinto. Entrimo	26 de agosto-4 de setembro	100	100
Pontevedra	Albergue xuvenil As Sinas. Vilanova de Arousa	21-28 de xuño	120	300
	Campamento xuvenil Pontemariil. Forcarei	26 de agosto-4 de setembro	120	
	Campamento xuvenil Illa de Ons. Bueu	21-28 de agosto	60	
				1.220



PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
CESIÓN DO USO DE INSTALACIÓNS XUVENÍS DA ADMINISTRACIÓN GALEGA PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE OCIO EDUCATIVO E DE TEMPO LIBRE	BS304A	SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE							
RAZÓN SOCIAL (no caso de grupo de mozos/as non asociados, nome do grupo)							NIF
<input type="text"/>							<input type="text"/>
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

INSTALACIÓN SOLICITADA			
EN PRIMEIRO LUGAR	DATAS DA ESTADÍA	Nº DE PRAZAS	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
EN SEGUNDO LUGAR	DATAS DA ESTADÍA	Nº DE PRAZAS	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
A ENTIDADE SUBVENCIONA AS PRAZAS?	<input type="radio"/> SI	Porcentaxe	<input type="text"/>
	<input type="radio"/> NON		
A COBERTURA DAS PRAZAS SERÁ:	<input type="radio"/> Por convocatoria aberta	<input type="radio"/> Reservada a persoas asociadas	

OBSERVACIÓNS	
<input type="text"/>	

INSTALACIÓNS UTILIZADAS NESTE PROCEDEMENTO DURANTE A CAMPAÑA DE VERÁN OS DOUS ÚLTIMOS ANOS	
ANO	INSTALACIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

É ENTIDADE PRESTADORA DE SERVIZOS SOCIAIS?	<input type="radio"/> SI	Nº de rexistro	<input type="text"/>	<input type="radio"/> NON
É ASOCIACIÓN XUVENIL/ENTIDADE PRESTADORA DE SERVIZOS Á XUVENTUDE INSCRITA NO CENSO/REXISTRO DA D.X. DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO?	<input type="radio"/> SI	Nº de rexistro	<input type="text"/>	<input type="radio"/> NON

COMPROBACIÓN DE DATOS	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
MARQUE O RECADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN	
<input type="checkbox"/> Inscrición no Rexistro de Entidades Xuvenís da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Inscrición no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS	
A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE


Orde do 12 de maio de 2022 pola que se regula o uso de instalacións xuvenís para a realización de programas de lecer educativo e tempo libre durante a Campaña de verán 2022 para colectivos xuvenís (código de procedemento BS304A).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> Formas previstas na súa norma reguladora